

## **Membros da comunidade universitaria da Universidade de Vigo**

Mediante este servizo, os membros da Universidade, así coma todas as persoas autorizadas poden solicitar os documentos que precisen e que non estean dispoñibles na nosa Biblioteca. Se o que lle interesa é un documento que se atopa nalgunha das bibliotecas ou salas de lectura da universidade, terá que utilizar o servizo de Préstamo e circulación.

A obtención de documentos para os nosos usuarios pódese facer mediante préstamo interbibliotecario ou fotodocumentación:

**Préstamo interbibliotecario:** documentos orixinais en calquera soporte (papel, microforma, cd-rom etc.). Normalmente, están excluídas de préstamo:

- as obras anteriores a 1958
- as obras de referencia (enciclopedias, dicionarios, atlas, bibliografías etc)
- as publicacións periódicas (xornais, revistas)
- as teses de doutorado e licenciatura e outros traballos de fin de carreira
- os materiais especiais.

**Fotodocumentación:** reproducións dos seguintes documentos:

- artigos de revistas e outras publicacións periódicas
- capítulos de monografías ou *proceedings*
- *papers*
- en xeral, todas as obras excluídas de préstamo.

## **Normas xerais**

Non se poden pedir documentos que estean nos fondos da biblioteca universitaria. Este servizo ten un custo, polo que é moi importante a comprobación previa no [catálogo](#).

Non se tramitarán solicitudes de documentos que tiveren claramente outra finalidade que non for o estudo, a docencia ou a investigación. Tampouco aqueles que fosen de fácil adquisición.

As peticións poderanse facer mediante solicitude en papel (dispoñible en todas as bibliotecas e salas de lectura) ou mediante o [formulario electrónico](#). Se prefire utilizar este último terá que [darse de alta](#) no sistema.

O prazo de recepción dos documentos solicitados é variable; a media é dez días. Os documentos solicitados recibiranse na Sección de Acceso ao documento. As fotocopias seranlle enviadas ao solicitante se as pediu a cargo dun departamento ou proxecto. Se non, terá que recollelas, previo pago, nas bibliotecas depositarias. Os documentos orixinais recibidos en préstamo terán que ser consultados nas bibliotecas depositarias, xa que están **excluídos** do préstamo a domicilio. Os solicitantes recibirán os avisos de chegada dos documentos e, no seu caso, do custo, por correo electrónico.

As bibliotecas depositarias son:

- Biblioteca Central
- Bibliotecas centrais dos campus de Ourense e Pontevedra
- Biblioteca de Torrecedeira

O tempo de consulta das obras recibidas en préstamo interbibliotecario virá marcado polo que indique a biblioteca prestataria, habitualmente será duns 30 días. En ocasións será posible unha prórroga, que deberá solicitar con tempo suficiente (uns sete días antes de rematar o prazo de préstamo). A biblioteca subministradora poderá reclamar a devolución dos libros en calquera momento polo que é conveniente consultalos o antes posible

### **Protección de datos de carácter persoal**

De acordo co establecido na lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal, informámolo de que os datos persoais que nos proporcione se incorporarán a un ficheiro automatizado na Biblioteca Universitaria de Vigo, con fins estatísticos e de xestión do servizo de obtención de documentos, e non serán cedidos a terceiros.

Poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixíndose por escrito ao Director da Biblioteca Universitaria da Universidade de Vigo (Biblioteca Central. Campus Lagoas-Marcosende. 36310 Vigo).